

CONCURSO DE DECORACIÓN DE ESCAPARATES DO NADAL

O Concello do Grove, a través da Concellería de Comercio, convoca este concurso coa finalidade de potenciar a imaxe comercial do municipio, animando a veciñanza para achegarse a visitar os escaparates e, como non, a realizar as compras do Nadal no comercio de proximidade, que ofrece unha ampla e variada oferta de produtos e servizos para todos os gustos e idades e que se rexerá polas seguintes:

BASES

Primeira.

O tema deberá estar relacionado co Nadal e valoraranse aspectos como a presentación, creatividade e orixinalidade, iluminación, así como a utilización dos artigos do establecemento e de motivos do Nadal tradicional.

Segunda.

As datas de exposición serán as comprendidas entre o 5 de decembro de 2020 e o 6 de xaneiro de 2021, ambos incluídos.

Terceira.

Poderán participar todos os establecementos do comercio polo miúdo do concello do Grove, logo da súa inscrición.

Os establecementos participantes deberán estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ter débedas co Concello do Grove, facendo constar na solicitude de inscrición a autorización expresa para a consulta directa pola administración das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inscrición e chegar os certificados acreditativos.

Cuarta.

O prazo de inscrición estará aberto desde a publicación das presentes bases na páxina web municipal (www.concellodogrove.es) ata o 4 de decembro de 2020, incluído.

A inscrición é gratuíta. Para participaren, os establecementos interesados terán que cubrir a folia de inscrición neste concurso, que estará á súa disposición na páxina web municipal do Concello do Grove, na Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey ou no enderezo de correo electrónico casadacultura@concellodogrove.es. Así mesmo, poderán solicitala a través do teléfono 986 732 341.

As inscricións poderán enviarse ao correo electrónico casadacultura@concellodogrove.es ou entregarse no enderezo postal:

Casa da Cultura Manuel Lueiro Rey
Monte da Vila, nº 11
36980 O Grove

Os escaparates deberán situar en sitio visible o cartel acreditativo da súa participación neste concurso, que lles será entregado despois da súa inscrición. Todos os comercios rexistrados comprométense a manter expostos os escaparates desde o día 5 de decembro de 2020 ata o 6 de xaneiro de 2021. Durante os días de exposición, os escaparates estarán iluminados, como mínimo, ata as 22:00 h.

Quen participe poderá, de maneira opcional, incluír na súa solicitude de participación unha explicación do concepto e das técnicas usadas para deseñar o seu escaparate, tales como idea, tema, materiais, cor ou tonalidades, ferramentas técnicas e de deseño ou mobiliario e elementos decorativos utilizados para montar o escaparate.

Quinta.

O Concello do Grove nomeará un xurado independente que poderá visitar e facer a valoración do establecemento en calquera data comprendida entre o 5 e o 15 de decembro de 2020. Calquera establecemento inscrito que non estea decorado entre estas datas quedará automaticamente eliminado.

O ditame do xurado farase público o día 16 de decembro. A entrega de premios realizarase directamente en cada un dos establecementos gañadores e as fotos da entrega subiránse ás redes sociais do Concello do Grove.

Sexta.

Concederanse dez premios de 300,00 € cada un e diploma. (Os premios de máis de 300,00 € estarán suxeitos á correspondente retención fiscal).

Os premios en metálico outorgaranse mediante un ingreso en conta bancaria, polo que os gañadores ou gañadoras deberán cubrir un formulario cos seus datos bancarios que lles será facilitado polo Concello.

Os premios terán que ser investidos nun ou en varios dos establecementos de comercio polo miúdo do Grove entre o 17 e o 31 de decembro de 2020.

A xustificación do premio realizarase mediante a presentación das facturas de compra a nome do establecemento premiado por un valor total de 300,00 € na Casa da Cultura antes do 10 de xaneiro de 2021. No caso de non cumprir este requisito terían que devolver os premios.

Sétima.

A participación neste concurso implica a total aceptación das presentes bases e a decisión do xurado, que será inapelable.

Oitava.

O Concello do Grove resérvase os dereitos de uso e reprodución das fotografías e/ou vídeos dos escaparates.

Novena.

Calquera aspecto non contemplado nestas bases pode ser modificado polo Concello, en beneficio do bo funcionamento do concurso.

FICHA DE INSCRICIÓN

CONCURSO DE DECORACIÓN DE ESCAPARATES DO NADAL 2020

Don/a _____ con

DNI núm. _____, en representación do establecemento
_____, con domicilio en
_____ e teléfono _____

manifesta o seu desexo de participar no CONCURSO DE DECORACIÓN DE
ESCAPARATES DO NADAL 2020, convocado polo Concello do Grove.

Para tal fin, presenta a concurso o escaparate do establecemento
_____ situado en _____

Explicación do concepto do seu escaparate e das técnicas usadas (*opcional*):

Declaro responsablemente que o establecemento inscrito está ao corrente de pago
das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

Autorizo expresamente ao Concello do Grove á consulta directa de que o
establecemento está ao corrente das súas obrigas fiscais tributarias que resultan
esixibles ao amparo desta solicitude.

☐

SI

☐

NON (achego os certificados)

O mero feito de inscribirse implica que o/a concursante coñece e acepta as bases do
concurso.

O Grove, _____ de _____ de 2020

Sinatura

* O/a interesado/a manifesta a súa conformidade e consentimento inequívoco para a utilización dos seus datos no
"Concurso de Decoración de Escaparates do Nadal 2020" do Concello do Grove.